

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1500/1102

Antecedentes

En data 27.06.2023 D. ██████████ presenta solicitude de información pública en materia de

"

- *Proposta efectuada pola Promotora CONCERT ROUTE 2023 IAE*
- *Desglose de los mas de 900.000 euros que supone dicha actuación para las arcas municipales. En particular, cuál es el caché de DAVID GUETTA y a qué se destina el resto de dinero.*
- *Acta de la comisión de Evaluación del día 15 de mayo de 2023 integrada por el Concejel Pablo Luis Estévez Rodríguez y por la Jefa del Servicio de Fiestas Cristina Chao Polo.*
- *Informes utilizados para la valoración de las propuestas."*

En data 12.07.2023, previa solicitude, emitíuse solicitouse informe pola Área de Contratación e novos Proxectos.

LEXISLACION APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 10:01	Páxina 1 de 4
1500-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

SEGUNDO .- Da solicitude.-

O artigo 19.4 da LTAIBG determina que cando a información obxecto da solicitude, aínda obrando en poder do suxeito ao que se dirixe, fose elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, remitiráselle a solicitude a este para que decida sobre o acceso

Neste senso, previa solicitude, a Área de Contratación e Novos Proxectos emitiu informe.

a) En relación a petición de informe sobre a proposta efectuada pola Promotora CONCERT ROUTE 2023 IAE e desglose do importe económico o informe da Área de Contratación no que sinala que *" de momento non existe un procedemento de contratación aprobado*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 10:01	Páxina 2 de 4
1500-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polo órgano de Contratación, a Xunta de Goberno Local, consonte á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP)."

E por isto que non consta o expediente de contratación polo que non tendo sido elaborada dita documentación non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG e polo tanto non pode ser facilitada.

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina << Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general."

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras.)

E por isto polo que procede inadmitir a solicitude de información neste punto.

b) En relación as actas da comisión e informes a Área de contratación e Novos proxectos determina no seu informe determina "O servizo de Festas publicou no perfil de contratante do Concello de Vigo dúas convocatorias públicas para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para concertos e espectáculos en Castrelos dentro do programa de "Vigo de verán 2023", a primeira o 16 de febreiro e a segunda o 24 de abril de 2023. Estas convocatorias foron resoltas pola Comisión de selección, a primeira na sesión da comisión de 14 de marzo de 2023, e a segunda na sesión de 15 de maio de 2023. As actas de ambas sesións están publicadas tamén no perfil do contratante. Poden consultarse tanto as citadas convocatorias como as actas da comisión resolvendo a convocatoria no seguinte enlace: [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%."](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%.)

E por isto polo que procede acceder a información solicitada mediante o enlace indicado.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2023

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar a seguinte información relativa a actas da comisión de avaliación no seguinte enlace [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%."](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%.)

SEGUNDO.- Inadmitir conforme o artigo 18.1.a) da LTAIBG a solicitude de información

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 10:01	Páxina 3 de 4
1500-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

respecto da solicitude de acceso a información pública en materia da proposta efectuada pola Promotora CONCERT ROUTE 2023 IAE e desglose do importe económico da mesma e tanto que non existe expediente de contratación.

TERCEIRO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (PD Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022) Dona. Patricia Rodriguez Calviño

(Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 10:01	Páxina 4 de 4
1500-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		